ASEPEYO

Ficha de servizos Asepeyo

Coidado de menores con cancro ou enfermidade

Descrición da prestación

Compensa a perda de ingresos que sofren as persoas ao ter que reducir a súa xornada laboral, coa conseguinte diminución dos salarios pola necesidade de coidar de forma directa, continua e permanente aos fillos ou menores ao seu cargo durante o tempo de hospitalización e tratamento continuado da enfermidade. A enfermidade que padeza o menor deberá implicar un ingreso hospitalario de longa duración ou a continuación do tratamento médico no domicilio despois do diagnóstico e da hospitalización.

Beneficiarios

As persoas que pertencen a calquera réxime da Seguridade Social que acrediten os períodos mínimos de cotización que se esixen en cada caso e reduzan a súa xornada de actividade en polo menos un 50 % da súa duración para o coidado dun menor afectado polo cancro ou das enfermidades graves que se inclúen no Anexo ao Real Decreto 1148/2011, independentemente do seu sexo.

Manterase a prestación económica ata os 23 anos cando, ao cumprir a maioría de idade, persista o cancro ou a enfermidade grave diagnosticada anteriormente, e permaneza a necesidade de hospitalización, tratamento e coidado, nos termos e coa acreditación que se esixen nos apartados anteriores.

Así mesmo, poderán ser causantes da prestación as persoas maiores de 18 anos sempre que esta se extinguise por cumprir os 18 anos antes do 1-1-2022 e non ter 23 anos. Debe manterse o requisito de hospitalización e tratamento continuado, así como precisar coidados directos, continuos e permanentes.

A prestación económica poderá manterse ata que o causante cumpra os 26 anos se ademais acredita antes de cumprir os 23 anos un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %.

As persoas traballadoras que percibiran a prestación por coidar o menor e se lles extinguira a prestación por cumprir 23 anos antes do 1 de abril de 2023, poderán volver a solicitar a prestación económica sempre que o fillo, persoa suxeita a garda para os efectos de adopción ou acollida, acredite un grao de discapacidade superior ao 65 % antes de cumprir esta idade, e cumpra o resto dos requisitos para acceder a este dereito.

Cando se produza unha recaída do causante por cancro ou pola mesma enfermidade grave, non será necesario que se produza un novo ingreso hospitalario, aínda que na recaída da enfermidade, deberá acreditarse a necesidade mediante unha nova declaración médica, tras o diagnóstico e hospitalización, da continuación do tratamento médico, así como o coidado directo, continuado e permanente do causante polo proxenitor, gardador ou acolledor, cónxuxe ou parella de feito.

Ademais, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Os dous proxenitores, gardadores con fins de adopción ou acolledores de carácter permanente, o proxenitor no caso de familias monoparentais ou o cónxuxe ou parella de feito do causante, sempre que o menor cumpra a maioría de idade, deberán acreditar que están afiliadas e en situación de alta nalgún réxime público da Seguridade Social ou previsión social dun colexio profesional, por conta allea ou por conta propia. Só se poderá recoñecer o subsidio a un dos proxenitores, adoptantes ou acolledores.

- Nos casos de separación ou divorcio, recoñeceráselle o dereito ao proxenitor, gardador ou acolledor co que conviva a persoa enferma.

- Nos contratos de traballo a tempo parcial, non se pode solicitar a prestación se a xornada de traballo contratada é do 25 % ou inferior respecto a unha xornada de traballo dun contrato a tempo completo.

- Unha vez se recoñeza a prestación, poderá ampliarse ata os 23, sempre que persista o cancro ou a enfermidade grave diagnosticada, antes de cumprir a maioría de idade e permaneza a necesidade de hospitalización, tratamento e coidado.

Períodos mínimos de cotización

Non se esixirán períodos mínimos de cotización ás persoas traballadoras menores de 21 anos, entre 21 e 25 anos: 90 días nos 7 anos inmediatamente anteriores á solicitude da prestación ou 180 días ao longo da súa vida laboral. A partir dos 26 anos: 180 días dentro dos 7 anos inmediatamente anteriores ou 360 días no total da súa vida laboral.

Os traballadores autónomos e aqueles sobre os que recaia a obriga de cotizar deberán estar ao corrente do pagamento, para estes efectos será de aplicación a invitación ao pagamento.

Procedemento de solicitude

O solicitante deberá cubrir a documentación da solicitude, que está dispoñible nos centros de asistencia de Asepeyo, e achegar os documentos necesarios (acordo coa empresa, acordo cos proxenitores, etc.).

O dereito a percibir este subsidio comunicarase nun prazo máximo de 30 días desde o momento no que se reciba a documentación. Se despois deste prazo a Mutualidade non ditase e notificase resolución expresa, entenderase que se desestimou a solicitude.

A prestación recoñécese polo prazo dun mes máis outro período de dous meses, e desde esa última prórroga por períodos de catro meses despois da presentación do documento que xustifique que se mantén a necesidade do coidado directo, permanente e continuo.

Contía

O subsidio de devindicación diaria que aboa Asepeyo corresponde ao 100 % da base reguladora da incapacidade por continxencias profesionais ou, de ser o caso, a que se deriva de continxencias comúns cando non se optase pola cobertura de continxencias profesionais, en proporción á redución da xornada de traballo.

Forma de pagamento

Asepeyo aboa directamente a prestación por períodos mensuais vencidos.

Causas da suspensión

Nas situacións de incapacidade temporal, maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e a lactación natural e, en xeral, cando esta prestación coincida con algunha causa de suspensión da relación laboral (ERE).

Causas de extinción

- O causante cumpre 23 anos.
- Fin da necesidade de coidado directo, continuo o permanente do menor pola mellora do seu estado ou cura.
- Cesamento dun dos proxenitores, gardadores con fins de adopción ou acolledores permanentes do proxenitor
- no caso de familias monoparentais ou do cónxuxe ou parella de feito do causante, na súa actividade laboral, causando baixa no réxime da Seguridade Social.
- Xubilación ou incapacidade permanente dun dos proxenitores.
- Reincorporación á actividade laboral do beneficiario, que cesa na redución de xornada.
- Realización de calquera traballo ou actividade incompatible coa redución da xornada.
- Falecemento do causante.
- Falecemento do beneficiario da prestación.
- Falta de ingreso das taxas se o beneficiario é un traballador por conta propia (RETA).

Custo

Esta prestación non supón un cargo adicional para a empresa, xa que se cubre coas cotizacións que aboa á Seguridade Social.